

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A IMPLANTACIÓN DA APLICACIÓN "CALÉNDULA" NA PLATAFORMA E-SAÚDE.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), CIF Q1518001A, actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

MANIFESTAN:

I.- Con data 10 de outubro de 2017 as partes asinaron un *Convenio Marco de colaboración no ámbito da investigación en tecnoloxías da información*, ao abeiro do previsto no artigo 34 da Lei 14/2011 do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, por canto prevé que os axentes e organismos públicos de investigación, poidan subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes (nacionais, supranacionais ou estranxeiros) que realicen actividades de investigación científica e técnica, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Por outra banda, a citada lei, no seu artigo 35, establece que as Administracións públicas, no

ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade.

II.- O citado Convenio marco, segundo a súa cláusula primeira, tiña por obxecto establecer o marco que rexerá as relacións entre as partes na xestión de proxectos en materia de validación de diferentes tecnoloxías relacionadas coa e-saúde resultado da investigación realizada pola USC, así como a súa valorización e transferencia mediante a súa implantación no Servizo Galego de Saúde.

Tamén prevía que a valorización e transferencia de cada unha das tecnoloxías poderíase realizar mediante convenios específicos encamiñados á posta en funcionamento e aplicación de tecnoloxías concretas no ámbito da e-saúde.

III.- Froito da colaboración establecida, xurde a oportunidade de mellorar a plataforma e-Saúde, mediante a incorporación dunha nova aplicación.


"Caléndula" é unha aplicación para a xestión da medicación desenvolvida por membros do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS). Distribúese de balde como unha aplicación executable en dispositivos móbiles con SO Android, e dispoñible no repositorio de Google Play con licenza GPLv3, na súa versión 2.5.8.

Entre as súas funcionalidades máis destacables cabe citar as de: recordatorio de tomas de medicación, consulta de prospectos; alerta por efectos secundarios de medicamentos; e xestión de botiquín. O obxectivo da aplicación é acadar a mellora da adherencia dos/as pacientes aos tratamentos prescritos e, xa que logo, a mellora da eficacia destes.

IV.- O Servizo Galego de Saúde, no marco do Convenio marco de colaboración no ámbito da investigación en tecnoloxías da información, optou pola aplicación "Caléndula" para a súa incorporación na plataforma "e-Saúde", mediante a súa integración cos sistemas de información do organismo autónomo, especialmente co Sistema de Receita Electrónica a través da aplicación MEPAC_WSS.

Este proceso permite ampliar a funcionalidade de "Caléndula" para incorporar a folla de medicación activa; o calendario de dispensacións; e o cálculo daquelas datas que optimizan a recollida de medicamentos en farmacia.

O proceso de integración require de solucións en dous eidos relevantes como son a interoperabilidade e a seguridade.



2



A interoperabilidade, precisa da adopción do estándar internacional HL7-FHIR, mentres que a seguridade require dun mecanismo de acceso baseado no estándar OpenID, que permite a integración de "Caléndula" coa pasarela que a autoridade sanitaria pon ao dispor da cidadanía para acceder a múltiples servizos de xeito electrónico.

Esta funcionalidade determinará unha nova versión de "Caléndula" (v.01.00.00007), integrada na plataforma e-Saúde, e capaz de proporcionar ás persoas usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia os servizos antes comentados en relación co seguimento dos seus tratamentos médicos.

V.- A aplicación "Caléndula" está rexistrada como invención no Rexistro Xeral da Propiedade Intelectual con número de asento 03/2016/1345, sendo o seu titular a Universidade de Santiago de Compostela.

As partes interviñentes consideran esencial non só o mantemento da colaboración científica establecida por medio do convenio marco, senón tamén o desenvolvemento desa colaboración para acadar a transferencia de resultados da investigación e a súa implantación nos sistemas do Servizo Galego de Saúde.

Esta circunstancia, xunto coa titularidade da invención a prol da USC, xustifica o carácter excepcional e de interese público das accións a desenvolver, como servizo esencial para a comunidade, para promocionar a realización de proxectos de investigación sanitaria no Sistema Público de Saúde, entre os que se atopa a implantación da aplicación "Caléndula" na Plataforma "e-Saúde".

Por todo isto, formalizan este convenio específico de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto de este convenio específico é a implantación da aplicación "Caléndula" na plataforma "e-Saúde" do Servizo Galego de Saúde, mediante a súa integración cos sistemas de información do organismo autónomo, especialmente co Sistema de Receita Electrónica.

SEGUNDA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura do presente convenio específico leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración Pública Autonómica poida facer públicos os seus datos de carácter persoal e demais especificacións recollidas no instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de



3



transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

TERCEIRA.- Obrigas da USC.

Por medio do presente convenio específico, a USC asume as seguintes obrigas:

- a) Ceder á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde o uso da aplicación "Caléndula" para a súa incorporación na plataforma "e-Saúde", e o código fonte.
- b) Colaborar nas tarefas de soporte proporcionadas polo Servizo Galego de Saúde para a resolución de incidencias e a corrección de erros detectados nos primeiros meses de uso da aplicación, así como aquelas funcionalidades que xurdan no proceso de integración na plataforma ou no uso por parte da cidadanía.
- c) Integrar na aplicación a funcionalidade de xestión de múltiples pacientes, de xeito que permita o acceso a terceiras persoas coidadoras dos/as pacientes (acceso delegado).
- d) Integrar na aplicación a funcionalidade de xeolocalización temporal de farmacias, para permitir a consulta de localización, horarios e gardas de todas as farmacias de Galicia, así como comprobar cal é a farmacia aberta máis próxima á persoa usuaria nun servizo 24x365.
- e) Facer compatible o uso de "Caléndula" en sistemas IOS.
- f) Integrar a información de consumos de medicamentos no PHR e na historia clínica do Servizo Galego de Saúde (IANUS).

CUARTA.- Obrigas da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.

Por medio do presente convenio específico, a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde asume as seguintes obrigas:

- a) Asumir o custo da integración da aplicación "Caléndula" na plataforma "e-Saúde" así como o da cesión da citada aplicación, nos termos indicados na cláusula quinta do presente convenio específico.
- b) Asumir as tarefas de soporte para a implantación da nova aplicación.
- c) Integrar as novas funcionalidades (xestión de múltiples pacientes, e xeolocalización de oficinas

de farmacia) previstas para a aplicación.

QUINTA.- Financiamento.

Para o financiamento da integración da aplicación, a Consellería de Sanidade achegará a cantidade de 35.967,25 € anuais, con cargo á aplicación orzamentaria 5001.411A.621.4, que se fará efectiva do seguinte xeito:

Anualidade	Importe
2019	35.967,25 €
2020	35.967,25 €

En todo caso, dita aportación só cubrirá os custos derivados da realización das actividades obxecto do convenio sen que ningunha das partes obteña beneficio ou lucro algún coa realización da actividade.

O abono da aportación da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde realizarase nun único pagamento ao remate das actividades previstas durante cada anualidade da vixencia do convenio, e previa presentación da correspondente factura e dunha conta xustificativa que conterá, ademais, unha memoria de actuacións acreditativa da realización das actividades, e unha memoria económica abreviada que identificará os gastos realizados.

SEXTA.- Confidencialidade e protección de datos.

As partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica, ou aqueles aos que poida ter acceso para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio específico, será confidencial e secreta, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte. Así, as partes comprométense a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidese ter acceso no desenvolvemento deste convenio específico, sempre que ditas informacións non sexan de dominio público.

Os datos e informes obtidos durante a realización das actividades conxuntas, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha parte desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación, uso ou difusión, deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito, que deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido dito prazo sen obter resposta, entenderase que a outra parte non ten obxección.



5



De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio especial e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

SÉTIMA.- Persoal dependente da USC

A subscrición deste convenio especial non comporta relación contractual ningunha entre a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde co persoal dependente da USC que realice as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir á administración responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

OITAVA.- Coñecementos previos.

Cada parte seguirá sendo propietaria dos coñecementos previos aportados ao proxecto, polo que non se entenden cedidos á outra parte, en virtude do presente convenio especial ningún de ditos coñecementos previos.

NOVENA.- Propiedade dos resultados.

A propiedade dos resultados residirá na parte que os xerase. En consecuencia, a titularidade de posibles dereitos de propiedade industrial ou intelectual, distintos á aplicación "Caléndula" cuxo uso se cede, que puideran derivarse como consecuencia das accións conveniadas, corresponderá á parte que os xerase.

Se o resultado obtido fose consecuencia do labor conxunto de todos os participantes, as partes implicadas poranse de acordo, no menor prazo posible, en orde a establecer as regras para a súa protección e uso mediante acordos específicos para tal efecto. A porcentaxe de propiedade determinarase en función de factores como, a título enunciativo e non limitativo, a contribución económica, ou a aportación de traballo e/ou de coñecemento previo de cada parte copropietaria.

Mentres non se acade dito acordo, ningunha das partes poderá utilizar e/ou licenciar dito resultado conxunto sen o consentimento previo das partes que tiveran participado na súa obtención. Non obstante, as partes poderán utilizar o resultado obtido conxuntamente para fins internos de investigación.



Se unha das partes involucrada na obtención dos resultados do proxecto non tivera interese na protección e conseguinte explotación, a outra poderá solicitar a protección previa renuncia expresa da parte non interesada.

DÉCIMA.- Natureza e xurisdición.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, supletoriamente, pola Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como polas normas de propiedade intelectual, aprobadas por Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o presente convenio de colaboración atópase excluído do ámbito de aplicación de dita lei por canto as partes son a administración pública da Comunidade autónoma e unha universidade pública, e por cumprir as condicións previstas no citado artigo (inexistencia de vocación de mercado, garantía dun mellor servizo público e predominio dun interese público).

Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4 do citado texto legal.

As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo pola Comisión Mixta de Seguimento do convenio. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

UNDÉCIMA.- Deber de colaboración.

A USC prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas, ao Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

DÉCIMO SEGUNDA.- Duración do convenio específico.

O convenio específico producirá efectos durante os exercicios 2019 e 2020.

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento.

De conformidade co previsto na cláusula sexta do convenio marco asinado entre as partes con data

10/10/17, a Comisión Mixta de Seguimento do convenio marco será tamén a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente convenio especial.

DÉCIMO CUARTA.- Subsistencia de condicións.

As partes declaran subsistentes e a aplicables ao presente convenio específico, no non previsto por este, as cláusulas e condicións previstas no Convenio Marco asinado o 10/10/17.

DÉCIMO QUINTA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) A aplicación dos fondos aportados, para outros fins distintos dos que motivan o presente convenio específico.
- b) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- c) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.
- d) As previstas no Convenio Marco de data 11 de outubro de 2017.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio especial poderá dar lugar á modificación do mesmo.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE E
O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**



Jesús Vázquez Almuiña

**POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA.**



Antonio López Díaz